



CONCELLO DE CARBALLO
PRAZA CONCELLO S/N
15100 – CARBALLO - CORUÑA (A)

Expediente nº: IF204A/AC/2023/0036

Asunto: **Resolución de autorización na zona de dominio público e/ou nas zonas de protección da estrada AC-400**

Solicitante: CONCELLO DE CARBALLO

Obras, instalacións ou realización de actividades para as que se solicita a autorización:
Mellora de rodadura en vial municipal que entronca coa estrada AC-400
Concello: CARBALLO
Estrada: AC-400
PQ inicio: 46+530 PQ fin:
Referencia catastral:
Marxe, no sentido de avance da quilometraxe: Dereita

ANTECEDENTES

1. O 12/01/2023 recibíuse neste servizo a solicitude de CONCELLO DE CARBALLO, no que solicitaba a autorización para Mellora de rodadura en vial municipal que entronca coa estrada AC-400.
2. Con data do 27/01/2023 o equipo de vixilancia de explotación emitiu un informe de campo tras visita ao lugar da solicitude.
3. O 17/02/2023 o enxeñeiro facultativo deste servizo emitiu un informe sobre a solicitude presentada.

NORMATIVA APLICABLE

1. Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia (DOG 12/07/2013).
2. Decreto 66/2016, do 16 de maio polo que se aproba o regulamento xeral de estradas de Galicia (DOG 20/06/2016).
3. Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (BOE 02/10/2015).





4. Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público. (BOE 02/10/2015).
5. Orde do 23 de maio de 2019 polo que seregulan os accesos nas estradas de Galicia e nas súas vías de servizo. En adiante Orde de accesos vixente

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

1. De acordo co artigo 47.1 da Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, a execución de obras, instalacións ou a realización de calquera outra actividade na zona de dominio público da estrada ou nas súas zonas de protección está suxeita ao deber de obter a correspondente autorización previa.
2. O obxecto da solicitude presentada cumpre co sinalado na Lei 8/2013, do 28 de xuño de estradas de Galicia e o seu regulamento, segundo o informe técnico do enxeñeiro facultativo de data 17/02/2023.
3. A execución das obras previstas na vía local, trátase dunha actuación que se encadran dentro dos artigos 43, 44 e 45 da LEG. **En ningún caso as obras poden desenvolverse sobre a calzada da estrada AC-400 nin na súa beiravía**

De acordo co indicado, **RESOLVO:**

Autorizar a CONCELLO DE CARBALLO no que respecta á competencia sectorial en materia de estradas, a execución das obras de Mellora de rodadura en vial municipal que entronca coa estrada AC-400 no P.Q 46+530 da estrada AC-400 no concello de CARBALLO.

Exixir a constitución dunha **garantía de trescentos (300,00) euros** que responda dos potenciais danos ou perdas que se poidan provocar ao dominio público viario, conforme ao artigo 51 da LEG e 119 do REG. Esta garantía deberá depositarse **pola empresa adxudicataria das obras** na caixa xeral de depósitos da Axencia Tributaria de Galicia, a favor da Axencia Galega de Infraestruturas. **A autorización carecerá de validez se non acredita perante este servizo provincial o xustificante de ter presentado o depósito da garantía.** O prazo de garantía será de dous (2) meses desde a data da acta de conformidade, de se-lo caso.

Dada a localización e o tipo de actuación, **non se precisa a elaboración dunha acta de implantación.**

Esta autorización axustarase ao disposto pola Lei de estradas de Galicia e a seu regulamento, ademais do cumprimento das seguintes **condicións:**





CONDICIÓNS PARTICULARES:

1. **As obras aquí autorizadas** son, exclusivamente, **as correspondentes á zona de intersección da Vía Local coa estrada AC-400**, na zona de dominio público y de protección desa estrada autonómica.
2. **En ningún caso estas obras poderán afectar á calzada da AC-400 nin a súa beiravía.**
3. As xuntas entre o novo aglomerado da vía local coa aresta exterior da plataforma da AC-404, se executará mediante **corte con disco**. **Coidando especialmente na execución a continuidade das rasantes**. Para o que será preciso realizar un **fresado** en todo o ancho desa interseccións e na lonxitude que sexa necesaria da vía local.
4. Se deberá de **revisar e, no seu caso repoñer, a sinalización vertical e horizontal**, nas zonas de conexión con as estradas autonómicas **de acordo con a norma 8.1-IC e 8.2-IC**. Para o que existe medición suficiente no presuposto do proxecto presentado
5. As obras deberán estar rematadas no **prazo de dezaoito (18) meses**, que se empezará a contar a partir do día seguinte da notificación da resolución. No caso de non poder executalas no prazo establecido deberá solicitar unha prórroga con antelación suficiente á finalización do prazo establecido.
6. **Durante a execución das obras** tomaranse as precaucións necesarias para garantir a seguridade da circulación colocando a sinalización e balizamento regulamentados na Instrución 8.3-IC sobre Sinalización, balizamento, defensa, limpeza e terminación de obras fixas fóra de poboado (BOE nº 224 do 18/09/1987) e os exemplos do Manual de Sinalización de obras do Ministerio de Fomento.
7. **Unha vez rematadas as obras nesa zona**, deberase comunicar ao vixiante de explotación desta zona (608 60 83 30) a súa finalización, co obxecto de comprobar o estado das obras na zona da intersección coa AC400 e a súa conformidade cos termos da autorización.
8. Será por conta do Concello a limpeza e mantemento periódicos, así como as actuacións de conservación ordinaria e extraordinaria do acceso.

CONDICIÓNS XERAIS:

1. A autorización outórgase a reserva das demais licenzas e autorizacións necesarias, sen prexuízo de terceiros e deixando a salvo os dereitos preexistentes sobre os terreos ou bens. Non suporá en ningún caso a cesión do dominio público, nin a asunción pola administración titular de ningunha responsabilidade respecto da persoa titular da autorización ou de terceiros.

A administración titular da estrada poderá, en calquera momento, modificar ou suspender temporal ou definitivamente a autorización cando a actuación produza



danos no dominio público viario, por incumprimento das condicións da autorización, por poñer en risco a seguridade viaria ou cando se alteren os supostos determinantes do seu outorgamento ou cando resulte incompatible con normas aprobadas con posterioridade.

2. Esta autorización entenderase outorgada a **precario** na parte na que afecte á zona de dominio público.

As autorizacións outorgadas para a realización de obras, instalacións ou actividades na zona de dominio público poderán ser revogadas unilateralmente polo órgano que as outorgou en calquera momento por razóns de interese público, sen xerar dereito a indemnización, cando sexa necesario por motivo de calquera obra que vaia realizar na estrada a administración titular desta, e quedará obrigada a persoa solicitante a retirar á súa conta os elementos instalados.

As autorizacións outorgadas para a realización de obras, instalacións ou actividades na zona de dominio público exclúen o aboamento á persoa interesada de calquera indemnización por razón dos danos e perdas ocasionados pola explotación e polo uso da estrada, incluídos os causados polo tráfico ou por calquera obra realizada na estrada pola administración titular desta, incluídas as de conservación. Nese caso, a reposición das obras e elementos amparados pola autorización será por conta da persoa interesada.

3. A autorización producirá efectos mentres permaneza o obxecto determinante do seu outorgamento e será transmisible previa notificación do cambio de titularidade a este servizo.
4. Se para a execución das obras, instalacións ou actividades fose necesario construír un acceso á estrada, deberá solicitarse previamente a preceptiva autorización de acceso neste servizo provincial.

Así mesmo, calquera outro tipo de obras que se pretenda realizar dentro da zona de afección da estrada, aínda que sexan complementarias da solicitada, como peches, canalizacións ou cruces subterráneos, acometidas, etc., que non comprenda a presente autorización, requirirán autorización expresa deste servizo.

5. Durante o tempo no que se manteñan as obras, deberanse tomar as precaucións necesarias para garantir a seguridade da circulación no treito afectado, colocando a sinalización e o balizamento regulamentario segundo a **Instrución 8.3-IC** sobre Sinalización, balizamento, defensa, limpeza e terminación de obras fixas fora de poboado, o Código de circulación, o Manual de exemplos de sinalización de obras fixas do Ministerio de Fomento e outras disposicións vixentes, sendo o petionario o responsable dos accidentes a que puidera dar lugar a insuficiente sinalización ou o mal estado de conservación ou colocación desta, debendo retirala tan pronto como se rematen as obras retire a instalación.





6. No caso de necesitar realizar cortes e desvíos do tráfico na execución das obras o solicitante deberá obter previamente a preceptiva **AUTORIZACIÓN da xefatura provincial de Tráfico**, segundo o recollido no artigo 37 do Regulamento Xeral de Circulación (RD 1428/2003), que xunto co artigo 39 regulan a ordenación especial de tráfico por razóns de seguridade e fluidez e a limitación deste.
7. As obras, instalacións ou actividades executaranse segundo a documentación presentada no expediente, no seu caso, e segundo as condicións impostas na autorización, sen interromper nin dificultar, agás casos excepcionalmente autorizados, a circulación pola estrada e garantindo, en todo caso, a seguridade viaria.
8. **Non se poderán iniciar as obras sen se teña depositada a garantía definida nas condicións particulares, de se-lo caso.**

A persoa interesada porase en contacto co persoal deste servizo cunha antelación mínima de sete (7) días da data que prevexa para o inicio da obra e comunicará a identificación da persoa a que teña encomendada a dirección da actuación, cando non coincida coa persoa titular da autorización.

9. Con carácter previo ao inicio das obras deberá constituír una **garantía definida nas condicións particulares** na Caixa do Departamento Territorial da Consellería de Facenda a favor deste Servizo provincial e presentar neste servizo o correspondente resgardo.

A garantía manterase durante o prazo de **dous (2) meses** dende a data da acta de conformidade da finalización da obra.

Transcorrido este prazo dende a finalización das obras, poderá vostede solicitar a devolución desta a este servizo provincial.

A súa devolución farase efectiva unha vez comprobado que as obras realizadas se axustaron ás condicións indicadas na resolución da autorización, así como a non existencia de danos ou perdas ao dominio público viario ou aos seus elementos. No suposto de que as persoas interesadas ocasionasen danos o perdas ao dominio público viario, a Administración titular da estrada incautará a garantía na contía equivalente a ditos danos e perdas.

10. As obras, instalacións ou actividades autorizadas executaranse baixo a inspección e vixilancia do persoal deste servizo provincial cumprindo todas as condicións de garantía e seguridade establecidas polas disposicións vixentes e, ademais destas, o petionario aceptará as especiais que se poidan impoñer para a seguridade da estrada e do tráfico.
11. O titular da autorización será responsable de todos os danos e prexuízos ocasionados á estrada, á súa zona de influencia, a terceiros ou na súa propia actividade con motivo da realización da obra, actuación ou instalación autorizada, quedando obrigado a repoñer, ao seu cargo, os elementos da estrada que resulten afectados pola execución





das devanditas actuacións, restituíndoos ás súas anteriores condicións de seguridade, funcionalidade e aspecto.

12. Durante a execución das obras:

- Será de conta do petionario a boa conservación e limpeza permanente da obra, debendo retirar ó seu remate tódolos materiais sobrantes.
- Non se autoriza a ocupación do dominio público para o almacenamento de materiais. Os residuos xerados nas obras serán xestionados adecuadamente, sen deixar ningún resto na zona de afección da estrada, nin na zona de dominio público.
- Non se poderán verter á calzada, beiravías, foxos, desmontes ou terrapléns da estrada as augas das choivas, de escorregas ou arrastres ou calquera outros produtos ou materiais procedentes da construción autorizada.
- Adoptaranse as medidas oportunas para que, ao executar as obras, non se prexudique o bo drenaxe da estrada e das súas obras de fábrica.

13. O interesado comunicará a este servizo provincial, cunha antelación mínima de sete (7) días, a data que prevexa para o remate da devandita actuación.

14. O titular da autorización será responsable das operacións de conservación e mantemento requiridas pola obra, actuación ou instalación obxecto de autorización e que sexan necesarias para garantir a salubridade, accesibilidade, seguridade e funcionalidade menoscabadas como consecuencia do uso destas.

15. O incumprimento das condicións descritas nesta autorización dará lugar ás responsabilidades que se recollen nos Títulos IV e V da Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, e no Regulamento xeral de estradas de Galicia, sobre protección do dominio publico viario e o réxime sancionador.

Contra esta resolución, que non pon fin á vía administrativa, poderá interpoñer recurso de alzada ante o director da Axencia Galega de Infraestruturas no prazo de un (1) mes, que se contará desde o día seguinte ao da recepción da súa notificación, de acordo co disposto nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Mediante este documento notifícaselle esta resolución segundo o esixido no artigo 40.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

A Coruña, O xefe do servizo provincial Felipe De la Vega Gándaras (Sinatura dixital)

